



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

www.cig-ensino.gal

Abril 2018

## A CIG-Ensino reclama un convenio digno e xusto nas negociacións do XV Convenio Estatal de Atención ás Persoas con Discapacidade

As centrais sindicais están dispostas a seguir coas mobilizacións, non descartando xornadas de paro, caso de non acadar melloras laborais e salariais que dignifiquen o convenio.

Uns 200 traballadores/as do sector da discapacidade, convocados pola CIG-Ensino e polas demais OO.SS. da mesa de negociación en Madrid, concentráronse diante dun Centro de AGASFRA en Vigo ante o inmovilismo da patronal na negociación do XV Convenio Estatal de Atención ás Persoas con Discapacidade.



As centrais denunciaron un novo adiamento da mesa negociadora ao non facer os seus deberes as patronais e criticaron que até o de agora se teñan celebrado unicamente cinco reunións, “moitas delas estériles”, en máis dun ano que leva denunciado o XIV convenio. Ademais, rexeitaron que o empresariado pretenda empeorar máis o convenio coas súas propostas “logo de que xa o recortaran e

masacraran na última década coa escusa da crise e coas reformas laborais dos gobernos estatais que tan lesivas resultaron para a clase traballadora e para este sector en particular”.

Estas mobilizacións, que tiveron lugar no día de onte en todo o Estado, esperamos que obriguen ás empresas a cambiar de rumbo, pois para a CIG-Ensino e as demais OO.SS a única dirección posíbel é a recuperación dos dereitos laborais e

salariais. Para iso, os traballadores/as están dispostos a seguir coas mobilizacións, incluso convocando xornadas de paro, conscientes de que a única saída a este conflito é acadar un “convenio digno e xusto”.

Ademais desta unidade de acción sindical nas mobilizacións, as tres OO.SS acadamos unha plataforma unitaria para defendermos os dereitos dos traballadores/as na mesa de negociación, cuxas liñas básicas son:

# Liñas básicas da plataforma social unitaria entre CC.OO., UXT e CIG-Ensino

- **Vacacións de 30 días, preferentemente no verán**, 15 días a elixir polo traballador/a, máis 6 a maiores a gozar durante o resto do ano, previa solicitude do traballador/a.
- **Recuperación salarial:** con subas para 2017 dun 1,25% de salarios iguais ou superiores a 1000€ e os inferiores a esta cantidade una suba lineal da cantidade que resulta de aplicar o 1,25% aos 1000€. No 2018 suba dun 2,75% para salarios superiores a 1000€ e para os inferiores a esta cantidade suba dun 5%. Nós seguintes anos de sinatura do convenio garantir o IPC con cláusula de revisión salarial, cunha % a acordar engadida ao IPC para recuperar a perda acumulada de poder adquisitivo (5,2%) dende a sinatura do XIV convenio.
- **Recuperación do complemento de antigüidade (trienios).**
- **Redución da xornada laboral a 37,5 horas semanais** nos centros de atención especializada, centros especiais de emprego e persoal de administración e servizos. Nos centros educativos igual que no ensino concertado. Axuste da xornada máxima anual á semanal.
- **Eliminación dos descontos** en caso de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral, o primeiro mes.
- **Recoñecemento de enfermidades profesionais.**
- **Recuperación dos seis días de asuntos propios.**
- **Permiso retribuído polo tempo necesario** para asistir a consultas médicas o traballador/a, fillos e fillas menores de idade (ou acollidos/as) e familiares dependentes (pola súa idade ou enfermidade).
- **Reserva do posto de traballo durante o primeiro ano nas excedencias voluntarias, e durante toda a vixencia das mesmas**, naquelas por coidado de fillo/a menor, ou por coidado de familiar ou persoa dependente a cargo que convivan co traballador ou traballadora. a duración máxima destas tres modalidades de excedencias será de 5 anos.
- Ao persoal que desenvolva a súa actividade en dous ou máis centros ou servizos dunha mesma empresa, no mesmo posto de traballo, aplicaránselle **as mesmas condicións laborais** en todos eles e serán sempre as máis favorables para o traballador/a.
- **Recuperación do plus de gratificación:** cobro do 7% do salario anual cada 12 anos na empresa.
- **Redución da xornada para maiores de 55.**

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tif. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tif. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tif. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tif. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tif. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tif. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tif. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

### Pontevedra

R. Pasanteria 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tif. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tif. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tif. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tif. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tif. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal